



3º TRIMESTRE

# LECTURAS

CURSO 1º ESO





## KNOLLING LITERARIO

- Neste trimestre imos mudar a tarefa de lectura e teredes que entregar un proxecto, unha maqueta literaria.

- A maqueta, tamén chamada knolling literario, busca que acheguedes cuestións importantes sobre a obra e que os expliquedes na clase.



# TAREFA 1

1. Despois de ler o libro debes seleccionar 10 obxectos relevantes que saísen nel e presentalos nunha cartolina.
2. Os obxectos poden ser importantes para a trama, os personaxes, lugares e temas.

Deste xeito



# TAREFA 2



## DESCRICIÓN

Describe os obxectos que escolliches na propia cartolina.

Por exemplo: "uns lentes, que son os que emprega o protagonista" / "un debuxo dunha escola que se atopa na vila de Miranda"

## EXPLICACIÓN

Explica por que escolliches eses obxectos.

Por exemplo: "Escollín un reloxo porque marca o tempo que teñen para chegar ao final da carreira".  
"Escollín unha pelota porque simboliza a importancia do fútbol para Joao".

## COLOCACIÓN

Na cartolina deben figurar os obxectos e a súa explicación e descrición.






# TAREFA 3

## CLASE

Na clase debes presentar a cartolina e explicar por que che gustou a obra ou por que non. Tes que comentar aspectos positivos e negativos.

## CLASE

A profesora escoitará a presentación e explicación da túa tarefa. Despois collerá un fragmento da obra que lerá na clase e que debes dicir en que parte da novela se sitúa.



# DATA DE ENTREGA

1º ESO A: 28 de abril

1º ESO B: 29 de abril



Libros:

Velloucas & minchas

48 horas



**ADIANTE!**

